

## **Estatística do gasto do turismo que pernoita en establecementos hoteleiros. Xullo 2006**

### **COMUNICADO**

---

## **En xullo de 2006 aumenta o gasto dos viaxeiros que pernoitan en establecementos hoteleiros de Galicia con respecto ao mesmo mes do ano anterior**

**En xullo de 2006 o gasto total dos viaxeiros que pernoitan en establecementos hoteleiros de tres e máis estrelas de Galicia aumentou, en taxa interanual, nun 18,1%.**

Segundo datos da Estatística do gasto do turismo que pernoita en establecementos hoteleiros correspondentes a xullo de 2006, o gasto total dos viaxeiros que pernoitan neste tipo de establecementos aumentou en taxa interanual nun 18,1% en termos correntes, acadando un importe de 71.847,1 miles de euros en xullo de 2006. Isto débese ao aumento tanto do gasto diario medio por persoa, como do número de pernoitas realizadas. Así, en xullo de 2006 rexistrouse un aumento interanual do 9,0% no gasto diario medio por persoa, que se situou en 141,1 euros. Ademais, o número de pernoitas nos establecementos hoteleiros de 3 e máis estrelas de Galicia en xullo de 2006 foi de 509.321, cun crecemento interanual de 8,4%.

O gasto total dos viaxeiros dos establecementos hoteleiros situados nas provincias de A Coruña, Lugo e Pontevedra aumentou en xullo de 2006 nun 15,2%, 37,8 e 21,2% respectivamente. Pola contra, o gasto nos establecementos hoteleiros de 3 e máis estrelas de Ourense diminuíu nun 14,4%. O gasto total dos viaxeiros neste tipo de establecementos en A Coruña e Pontevedra representa máis do 90% do total.

En función da categoría dos establecementos nos que se aloxan os viaxeiros, en xullo de 2006, máis do 90% do gasto total é realizado en establecementos hoteleiros de 3 e 4 estrelas. En taxa interanual, e en orde de importancia, o gasto total realizado nos establecementos hoteleiros de 4 estrelas aumentou nun 20,2%, seguido polo realizado nos establecementos hoteleiros de 5 cun 16,3% e nos de 3 estrelas cun aumento do 15,9%.

A taxa de variación do gasto total acumulado no que vai de ano sitúase nun 13,6%.

O crecemento acumulado é do 15,9% en termos da serie corrixida de efecto calendario.

**Aumenta nun 9,0%, en taxa interanual, o gasto diario medio dos viaxeiros que pernoitan en establecementos hoteleiros de Galicia de 3 e máis estrelas en xullo de 2006.**

En xullo de 2006 o gasto diario medio por persoa foi de 141,1 euros, o que supuxo unha variación do 9,0% respecto ao mesmo mes do ano anterior.

Segundo a provincia na que se sitúan os establecementos hoteleiros temos que o gasto diario medio por persoa dos viaxeiros que pernoitan en establecementos de Pontevedra se situou en 159,2 euros, presentando unha crecemento do 18,3%. O gasto diario medio por persoa realizado en establecementos da provincia de A Coruña foi de 132,8 euros, cunha variación interanual de 2,7%. Na provincia de Lugo o gasto diario medio dos viaxeiros aumentou, en taxa interanual, nun 5,7%, situándose en 103,6 euros. Pola contra diminúe nun 18,9% na provincia de Ourense, ata alcanzar os 101,3 euros por persoa e día.

Segundo a categoría dos establecementos nos que os viaxeiros pernoitan en Galicia, o gasto diario medio realizado en xullo de 2006 nos establecementos hoteleiros de 5 estrelas foi de 208,9 euros, cunha variación interanual de 9,3%. O gasto diario medio aumentou nun 10,62% nos establecementos hoteleiros de 4 estrelas, situándose en 156,26 euros. Nos establecementos hoteleiros de 3 estrelas aumentou nun 6,9% respecto ao mesmo mes do ano anterior, acadando o importe de 118,35 euros.


No que vai de ano o gasto diario medio por persoa é de 129,9 euros, cunha variación de 1,1%.

**Estatística do gasto do turismo que pernoita en establecementos hoteleiros. Xullo 2006. Datos provisionais.**

	Dato	% variación sobre igual período ano anterior	
		Do mes	Da media do que vai de ano
Gasto total (miles de euros)	71.847,1	18,1%	13,6%
Gasto diario medio por persoa (euros)	141,1	9,0%	1,1%
<b>Datos corrixidos de efecto calendario</b>			
Gasto total (miles de euros)	71.847,1	18,1%	15,9%

**FONTE: IGE. Estatística do gasto do turismo que pernoita en establecementos hoteleiros**

No seguinte gráfico pódese observar a variación interanual do gasto total e do gasto diario medio por persoa dende 1999.



FONTE: IGE. Estadística do gasto do turismo que pernoita en establecementos hoteleiros

Para máis información:

---

Instituto Galego de Estatística  
Complexo Administrativo San Lázaro s/n  
15703 Santiago de Compostela (A Coruña)  
Teléfono de información: 981.54.15.89 (de 9:00 a 14:00 horas)  
FAX: 981.54.13.23  
Comunicados en : <http://www.ige.eu>